

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á IMPLANTACIÓN DE NOVAS EMPRESAS E COMERCIOS NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIANXO

BASE PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE.

As presentes bases teñen por finalidade rexer o programa de axudas municipais á implantación de novas empresas no termo municipal do Concello de Rianxo para o exercicio 2026.

O artigo 25 de Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da comunidade de veciños.

En sentido similar recóllese no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a cal sinala, entre outras cousas, competencias na participación na formación de activos e desempregados. Pola súa parte, o artigo 86 da antedita norma contempla a posibilidade do exercicio por parte do municipio de actividades complementarias das propias de outras Administracións Públicas e, en concreto, a ocupación e loita contra o paro.

Sobre a base destas competencias, o Concello de Rianxo continúa coas medidas de apoio á actividade económica e empresarial favorecendo o emprendemento e a creación de empresas mediante axudas económicas directas para facerlle fronte aos gastos iniciais inherentes á posta en marcha das mesmas.

BASE SEGUNDA. RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos iniciais da posta en marcha da actividade.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrência non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Este precepto establece que as bases reguladoras poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa preciso realización a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

BASE TERCEIRA. BENEFICIARIOS E REQUISITOS.

BENEFICIARIOS

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais que estean dados de alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou como mutua lista de colexio profesional, e as microempresas, independentemente da súa forma xurídica, que inicien a súa actividade empresarial entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026 (entendendo por inicio da actividade a data de alta no censo do IAE).

Aos efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de €.

REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

- Que o/a empresario/empresa conste no censo do IAE, sempre que a data de alta estea comprendida entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2026.
- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluído neste concepto os traspasos de negocio, exceptuando aqueles traspasos que se realicen entre cónxuxes, parellas de feito y familiares por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao inclusive, así como as transformacións de forma xurídica.
- Inclúense no ámbito subvencionable os supostos nos que se producira o relevo xeracional por xubilación e/ou falecemento do titular, mediante transmisión do negocio aos cónxuxes ou parellas de feito e familiares por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o segundo grao inclusive, así como a empregados/as do negocio.
- Que, como mínimo, unha das persoas promotoras estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, polo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes. Esta condición non será esixible no suposto de relevo xeracional, cando a transmisión sexa a empregados do negocio.
- Non ter débedas, nin a empresa nin as persoas socias, coa Seguridade Social, Facenda da Comunidade Autónoma (CA) nin coa AEAT.
- Non ter débedas, nin a empresa nin as persoas socias, co Concello de Rianxo.

- Non poderán obter a condición de beneficiario/a, os/as empresarios/as e as empresas nas que concorran algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

BASE CUARTA. CRÉDITO ORZAMENTARIO.

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria imputaranse ás aplicacións orzamentarias 433.47000 e 433.77000. O importe máximo desta convocatoria é de 10.000 €:

- 433.47000: 7.000 €
- 433.77000: 3.000 €

Esta distribución dos créditos por aplicacións orzamentarias ten carácter estimativo. Se, á vista das solicitudes, é preciso modificar a dita distribución e publicala nos mesmos medios que a convocatoria antes da resolución de concesión.

Establécese a posibilidade de incrementar o importe máximo convocado. Este incremento está condicionado pola existencia de crédito dispoñible pola contía adicional, ben como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou por economías noutras convocatorias de subvencións do mesmo nivel de vinculación xurídica. Para que o importe adicional sexa efectivo, deberá aprobarse por Resolución da Alcaldía, tras as modificacións orzamentarias que procedan, antes da resolución de concesión.

No caso de esgotamento do crédito orzamentario, o órgano xestor publicará a dita circunstancia no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e non tramitará as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito inicialmente previsto, de acordo co previsto no parágrafo anterior.

BASE QUINTA. GASTOS SUBVENCIONABLES, CONTÍA, PAGO E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Só poderán ser obxecto de subvención os gastos, debidamente xustificadas, directamente relacionados coa actividade, realizados dende os dous meses antes do seu inicio, ata a data de presentación da solicitude.

- Gastos de constitución. Será subvencionable o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:
 - Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos.

- Licenza de obra e licenza de apertura.
- Alta no Rexistro Mercantil.
- Certificación negativa do nome da sociedade.
- Honorarios de notaría por escrituras públicas.
- Publicacións en Boletíns Oficiais.
- Modelo 600 da Xunta de Galicia de constitución da empresa.
- Obras de acondicionamento do local. Será subvencionable o 100% do gasto relativo ás obras de acondicionamento do local destinado á actividade, así como a adquisición de elementos inventariables necesarios para o desenvolvemento da actividade (mobiliario, ferramentas, etc.).
- Existencias iniciais de mercadorías. Será subvencionable o 50% do custo da adquisición de primeiras compras de mercadorías, materias primas e de outros consumibles necesarios para a posta en marcha da actividade.
- Gastos de alugueiro do local, vehículo industrial, aplicación informática, equipos informáticos. Será subvencionable o 50% do custo de calquera destes conceptos sempre e cando o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.
- Primas e seguros. Será subvencionable o 50% do custo de contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial (seguro do local, seguro de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que este último sexa imprescindible para o desenvolvemento da actividade).
- Subministros e gastos correntes. Será subvencionable o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:
 - Auga.
 - Teléfono.
 - Electricidade.
 - Gasóleo/gasolina (só nos casos nos que o vehículo sexa imprescindible para o desenvolvemento da actividade).
 - Material de oficina.
 - Asesoría (só cotas mensuais e as necesarias para a posta en marcha da actividade).
 - Gas.
 - Equipos de seguridade nas súas instalacións (só cota mensual).

- Publicidade.
- Dereitos de propiedade industrial. Será subvencionable o 50% dos seguintes dereitos:
 - Patentes.
 - Modelos de utilidade.
 - Deseño industrial.
 - Marcas de produtos ou servizos.
 - Nomes comerciais.
 - Dominio de internet.
 - Software de xestión.
 - Deseño de páxinas ou espazos web.

CONTÍA

O importe das axudas calcularase a partir dos gastos iniciais realizados coa posta en marcha da actividade que se acrediten de forma correcta coa solicitude ou tras a súa emenda. A cada tipoloxía de gasto aplicaranse as porcentaxes previstas no apartado anterior desta base. O importe da axuda concedida a cada empresa non poderá exceder de 2.000 €.

Entenderase por gasto realizado o efectivamente pagado á data da presentación da dita solicitude.

Cada empresa poderá presentar unha única solicitude e deberá manterse de alta no Réxime correspondente da Seguridade Social, como mínimo, durante un período de dous anos contados dende a data de solicitude da axuda.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade prevista nesta base, o crédito esgotarase nela co porcentaxe de axuda que resulte.

No caso de coincidencia na data entre varias solicitudes e cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a todas coa intensidade da axuda solicitada, o crédito distribuirase de maneira ponderada entre as mesmas, en función do importe dos gastos xustificadas correctamente.

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As axudas reguladas nestas bases serán compatibles con outras para a mesma finalidade sempre que o importe acumulado non supere os gastos xustificadas correctamente coa solicitude.

BASE SEXTA. CONVOCATORIA.

O inicio do procedemento terá lugar coa aprobación da convocatoria, que seguirá a modalidade de convocatoria aberta, de acordo co artigo 59 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

As bases reguladoras destas axudas e a súa convocatoria deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo, sen prexuízo doutro tipo de publicidade como bandos informativos ou no sitio web municipal.

Este tipo de convocatoria permite a presentación das solicitudes para esta liña de axudas ao longo do exercicio orzamentario, ata o 30 de novembro de 2026.

O importe da convocatoria é o previsto na base cuarta.

PAGO

O pago realizarase tras a resolución de concesión da axuda.

BASE SÉTIMA. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN, DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes para empresas que inicien a súa actividade entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026 será dende a data de publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia e ata o 30 de novembro de 2026 ou ata esgotar o crédito orzamentario.

FORMA DE PRESENTACIÓN

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 e 14.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes de axuda reguladas na presente convocatoria serán presentadas telematicamente a través da sede electrónica do Concello de Rianxo empregando o formulario habilitado a tal fin dispoñibles na páxina web municipal.

DOCUMENTACIÓN

Xunto co formulario de solicitude deberá anexarse a seguinte documentación:

- Certificados de estar ao corrente dos seus deberes coa Seguridade Social, Facenda da CA e AEAT. No caso de sociedade mercantís, deberán aportar os relativos ás/aos socios e á sociedade.
- Alta no correspondente Réxime da Seguridade Social.
- Vida laboral das/dos traballadores que creen os seus propios postos de traballo.
- Alta no IAE do/a empresario/a individual ou empresa que solicita a axuda.
- Solicitude de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa de inicio de actividade cando fose necesario para o desenvolvemento da mesma. No caso de que o exercicio da actividade estea exenta da presentación da comunicación previa do inicio de actividade por non estar vinculada a un establecemento físico, segundo o artigo 10.b) do Decreto 144/2026, do 22 de setembro, a persoa solicitante presentará unha declaración responsable de que a súa actividade non está vinculada a ningún establecemento físico.
- De se o caso, escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
- Facturas correspondentes aos gastos para os que solicitou a subvención.
- No caso de facturas relativas a alugueiros de locais, deberase presentar tamén o correspondente contrato de arrendamento.
- Documentos bancarios de abono das facturas presentadas. Non se aceptarán pagamentos en efectivo.
- Documento acreditativo do abono das taxas administrativas (publicación en boletíns oficiais, inscrición no BORM, rexistro de patentes, etc.) relativas ao inicio da actividade indicando a contía aboada cando se solicite subvención por este concepto.
- Certificado de titularidade da conta bancaria aos efectos do percibo da cantidade obxecto de subvención.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presente.

Excepcionalmente o Concello de Rianxo poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se o/a interesado/a presenta a documentación complementaria de maneira presencial, requirirase para que a emende a través da súa presentación telemática. Para os efectos considerárase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar a referencia do expediente e departamento responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, si se dispón del.

Cando non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que resulte esixible, requirirase á persoa interesada para que no prazo de dez días resolvan a falta ou acheguen os documentos perceptivos, con indicación de que, se así non se fixera, desistiríase da solicitude, arquivándose a mesma, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASE OITAVA. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN.

ÓRGANOS COMPETENTES

A Concellería de Planificación Económica, Emprendemento e Emprego será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá unha proposta de concesión ou denegación das axudas solicitadas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

INSTRUCCIÓN

O órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade de tramitación, atendendo ao disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Competeralle a comprobación do cumprimento dos requisitos das solicitudes e das persoas solicitantes para a obter a condición de beneficiario, dos requirimentos de emenda, no caso de que proceda e das demais actuacións que sexan necesarias para efectuar a proposta de concesión ou denegación.

Conforme ao artigo 68 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a solicitude non reúne os requisitos esixidos na norma e nestas bases, a persoa interesada será requirida para que no prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento, rectifique a falta ou achegue os documento preceptivos, co indicación de que, se non o fixera, procederase conforme o estipulado no artigo 21 da citada lei.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que aporte cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Unha vez evacuados os trámites anteriores, o órgano instructor (persoal da Concellería competente) emitirá un informe indicando se a solicitude cumpre ou non os requisitos para a concesión da axuda e, en consecuencia, se procede ou non a adxudicación desta. Así mesmo, proporá de forma motivada a contía da axuda, indicando o importe xustificado e a subvención que lle corresponde, para cada tipoloxía de gasto, de acordo cos criterios previstos na base quinta. No caso de que se propoña a inadmisión ou denegación, indicárase o motivo.

RESOLUCIÓN

Seguidamente, tras a fiscalización da proposta, a Xunta de Goberno Local resolverá sobre a súa concesión e pagamento, ou denegación, se procede. O prazo para resolver será de tres meses desde a presentación da solicitude. A resolución notificarase conforme o artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data na que poida entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Con carácter potestativo, de conformidade co artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da resolución ou desde o seguinte a aquel no que a solicitude poida entenderse desestimada por silencio administrativo.

BASE NOVENA. DEBERES DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán deberes das/os beneficiarios/as as seguintes:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

- Xustificar ante o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentan a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago algunha outra débeda coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma ou co Concello de Rianxo. Cando o concello estea debidamente autorizado, realizará estas verificacións de oficio.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poida ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos cando así corresponda de acordo co estipulado nas presentes bases.

Para as accións de control e seguimento, a Concellería de Planificación Económica, Emprendemento e Emprego e a Intervención Municipal poderán requirirle aos/ás solicitantes e beneficiarios/as a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para conceder ou para as que foi concedida a subvención.

BASE DÉCIMA. CAUSAS E PROCEDEMENTO DE REINTEGRO.

CAUSAS DE REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e esixencias do xuro de demora correspondente dende o momento do abono da subvención ata a data na que se acorde o orixe do reintegro, nos seguintes casos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención e/ou ocultando aquelas que impedirían a súa obtención.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo e/ou non realización da actividade obxecto da subvención.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación cando dela se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade da realización da actividade subvencionada ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración Pública.
- Procederá a perda do dereito ao cobro das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades recibidas e a esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do abono da subvención ata a data na que se acorde o orixe do reintegro, nos casos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Non estar ao día no cumprimento dos deberes tributarios estatais e autonómicos e da Seguridade Social, así como ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma.
- Procederá o reintegro total da axuda concedida no caso de incumplir o deber de comunicar a obtención de outras axudas incompatibles.
- Procederá o reintegro do 5% da axuda concedida no caso de incumprimento do deber de comunicar ao órgano de concesión a solicitude de outras axudas, no caso de que estas sexan compatibles. Este reintegro realizarase sen prexuízo do que corresponda no suposto de que o total das subvencións percibidas excedan dos gastos xustificadas.
- Procederá o reintegro parcial da axuda concedida no caso de non cumprir o deber de manter a actividade durante dous anos, excepto no suposto de que o peche se produza por causas debidamente comunicadas e xustificadas, non imputables ao beneficiario. A cantidade a reintegrar, de ser o caso, será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.
- Procederá o reintegro parcial do 5% da axuda concedida no caso de incumprimento do deber de cumprir coas medidas de publicidade da cofinanciación polo Concello de Rianxo.

PROCEDIMENTO DE REINTEGRO

O procedemento de reintegro da subvención, así como o réxime de infraccións e sanción, rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como polas disposicións da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia e normativa de desenvolvemento.

BASE UNDÉCIMA. PUBLICIDADE.

PUBLICIDADE DAS AXUDAS CONCEDIDAS

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes, ou no seu caso, o esgotamento do orzamento, daráselle publicidade ás axudas concedidas na sede electrónica do Concello de Rianxo.

PUBLICIDADE DA FINANCIACIÓN PÚBLICA

Os/as beneficiarios/as das subvencións recollidas nestas bases deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Rianxo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo Concello de Rianxo e estará dispoñible para a súa descarga na Sede Electrónica.

BASE DUODÉCIMA. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só se empregarán para comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Rianxo.

BASE DÉCIMO TERCEIRA. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

De conformidade co previsto no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación e o extracto do BOP.

A concellería competente publicará na páxina web do Concello de Rianxo, así como na Sede Electrónica, a relación das persoas e/ou entidades beneficiarias das axudas concedidas. Incluirá

igualmente a contía das axudas e as sancións que, de ser o caso, puideran impoñerse, polo que a solicitude da axuda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

BASE DÉCIMO CUARTA. ENTRADA EN VIGOR.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do extracto das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.

Rianxo, asinado dixitalmente

O alcalde, Julián Bustelo Abuín